

Universidade de Vigo -
Registro XeralSaída Nº. 201600000751
18/01/16 13:43:53

INSTRUCCIÓN XERENCIAL POLA QUE SE EXCLÚE DA APLICACIÓN DE DESCONTOS PREVISTOS EN NORMAS AUTONÓMICAS A DETERMINADOS COLECTIVOS FINANCIADOS CON FONDOS ESTATAIS E EUROPEOS, DURANTE O EXERCICIO 2016

Con data de 14 de xullo de 2015 o Tribunal Supremo ditou fallo estimando o recurso de casación presentado contra a sentenza de 6 de marzo de 2014 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia pola que se desestimara a demanda presentada por FETE-UGT (con adhesión de CCOO, CIG e CSIF) contra a Universidade de Santiago de Compostela na que se solicitaba se anulara a práctica empresarial pola que se reducía a contratación do persoal contratado con cargo á convocatoria do Programa de Formación do Profesorado Universitario (FPU). Dice nun momento a sentenza:

“... el contrato y la relación labora la tiene el investigador con la Universidad, y uno y otra, respecto de la subvención otorgada por el Estado, constituyen el beneficiario y la entidad de adscripción respectivamente, sin que tal ayuda provenga, por tanto, de los presupuestos autonómicos sino estatales ni, en consecuencia, se hallen regulado por la Ley de la Comunidad Autónoma al efecto, sin perjuicio de que la retribución por dicha relación contractual pueda, en su caso, hallarse integrada también, en mayor o menor medida, por algún concepto que pueda tener este último origen.

De ahí se sigue que una instrucción... de la Gerencia de la USC, relativa a la aplicación de la reducción de retribuciones dispuesta en el art 37 y 38 de la Ley 2/2013... no puede proceder a reducir el importe de la mencionada ayuda o subvención, precisamente porque no es aplicable tal Ley autonómica presupuestaria a ese concepto retributivo en función de la procedencia de éste y de la titularidad de la competencia..”

O Tribunal Supremo **ANULA** a redución da retribucións ao colectivo citado ordenando o reintegro das cantidades deducidas do mesmo.

Os fundamentos desta sentenza serían aplicables a diferentes colectivos e de forma nidia aos conformados por aqueles cuxos contratos de traballo están financiado por medio de programas de recursos humanos que fixan cantidades a percibir polos interesados e teñan a súa orixen en institucións dun ámbito superior ao autonómico (Estatal ou europeo).

Dada esta situación e para os efectos de evitar litixiosidades derivadas de reclamacións por esta causa, que dada a sentenza do TS serían dificilmente resoltas xudicialmente con éxito, no exercicio 2016 a Universidade de Vigo non aplicará descontos que teñan a súa orixe en norma autonómica, Lei de Orzamentos da Comunidad Autónoma de Galicia para o ano 2016, a aqueles colectivos cuxos

contratos de traballo se deriven de financiamento estatal ou europeo vinculado a convocatorias de recursos humanos.

A nivel concreto os colectivos aos que non se lle aplicará desconto autonómico serán:

- 330 PERSOAL TÉCNICO DE PROGRAMAS CON FINANCIAMENTO EUROPEO
- 331 PERSOAL TÉCNICO DE PROGRAMAS CON FINANCIAMENTO ESTATAL
- 337 PERSOAL TÉCNICO DE PROGRAMAS CON FINANCIAMENTO DE ORGANISMO INTERNACIONAL NON EUROPEO
- 480 PERSOAL INVESTIGADOR E/OU TÉCNICO CON FINANCIAMENTO EUROPEO
- 481 PERSOAL INVESTIGADOR E/OU TÉCNICO CON FINANCIAMENTO ESTATAL
- 700 PERSOAL COLABORADOR PROGRAMAS E/OU SUBVENCIÓN EUROPEA
- 707 PERSOAL COLABORADOR PROGR. E/OU SUBVENCIÓN OR. NON EUROPEA

Vigo, 18 de xaneiro de 2016

O Xerente

Manuel Fernández Jauregui

XEFA DO SERVIZO DE RETRIBUCIÓNS E SEGUROS SOCIAIS